Dende o punto de vista metodolóxico, o ensino desta materia require que se realicen proxectos nos que se traballe en equipo para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar e formalizar o deseño, a produción, a avaliación ou a mellora de produtos relevantes dende o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións, e a planificar a realización de actividades de deseño, de montaxe e de verificación das características dos prototipos, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas imprescindibles para a busca de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación ou a publicación de resultados.

Así mesmo dende esta materia preténdese o desenvolvemento do pensamento computacional, na incorporación das tecnoloxías dixitais nos procesos de aprendizaxe, na natureza interdisciplinaria propia da tecnoloxía, na súa achega á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e á súa conexión co mundo real, así como o fomento de actitudes como a creatividade, a cooperación, o desenvolvemento tecnolóxico sostible ou o emprendemento.

No ensino da tecnoloxía e dixitalización resulta adecuado, xa que logo, reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se

require, para fomentar o espírito emprendedor. Para elo empregaremos metodoloxías de traballo creativo para desenvolver ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta a necesidades ou problemas expostos, achegando melloras significativas cunha actitude creativa e emprendedora.

A metodoloxía a seguir ten en conta as características do alumnado e buscarase a forma de motivalos de cara ao estudo, tendo sempre presente cales son os obxectivos da materia e o grado de adquisición das competencias clave. O obxectivo fundamental da tecnoloxía é ensinar a desenrolar proxectos que sirvan para solucionar problemas e necesidades que se poidan presentar. Elaborar estes proxectos require de coñecementos previos sobre materiais, estruturas, enerxías, mecanismos, electricidade, electrónica, tecnoloxías da información, debuxo, etc. polo que, a pesar de que a materia debe ser eminentemente práctica, si cómpre que o alumno/a adquira coñecementos teóricos ou conceptuais para poder facer os seus proxectos de forma máis eficiente.

Ao comezo de cada unidade didáctica haberá clases de exposición teórica por parte da profesora pero sempre indicando a aplicación práctica de adquirir eses coñecementos. Para que os alumnos/as poidan comprender os principios básicos da tecnoloxía e dixitalización nos seus diversos ámbitos, recórrese a libros, maquetas, presentacións en ordenador sempre que sexa posible pois atraen máis a atención, explicacións no taboleiro e o emprego ineludible de Internet e das múltiples páxinas onde eles mesmos, seguindo unhas pequenas orientacións, poden aprender de xeito autónomo. Non se trata de que os alumnos/as só adquiran coñecementos concretos, trátase de desenrolar neles a capacidade de aprender a aprender, a interpretar datos, a que saiban relacionalos con outros ámbitos e aplicalos nun futuro correctamente a situacións da vida real.

Estes coñecementos deberán axudar ao alumno/a a analizar e manipular diferentes obxectos tecnolóxicos e ferramentas dixitais entendendo as súas evolucións e transcendendo o propio obxecto a un ámbito social e cultural.

Se algo caracteriza á materia de tecnoloxía e dixitalización é o seu carácter práctico. Os alumnos/as teñen unha actitude máis participativa e positiva de cara ao traballo no taller. Hai que fomentar a motivación por este aspecto, facerlle entender que o traballo de construción en si é a culminación dun proxecto elaborado, ordenado e seguindo unha serie de pasos previos necesarios. Deste xeito empregárase a metodoloxía de proxectos xa que permite ao alumnado desenrolar capacidades que o van a formar como individuo tanto no aspecto social como no individual. As propostas por parte da profesora irán encamiñadas a fomentar que o alumno/a aprenda a pensar, a buscar información por diferentes medios, a plasmar ideas no papel e explicalas, decatarse das múltiples disciplinas que vertebran a tecnoloxía, adquirir hábitos de traballo correctos, respecto polos compañeiros, tolerancia de ideas...

Neste primeiro curso o método de proxectos será moi guiado e con pouca marxe para a aportación técnica, sí a plástica, por parte do alumnado, xa que non ten ningunha referencia previa e é o momento de ensinala.

Actualmente, na metodoloxía, o uso e emprego do ordenador é básico, e formar ao alumno/a no manexo de programas que lle permitan buscar información na Internet, darlle formato ás ideas e coñecementos que quere expresar, plasmar esquemas técnicos, poder presentar os seus traballos non só aos compañeiros, tamén a todo o mundo a través da rede, resolver problemas mediante algoritmos e programas, etc. O emprego das tecnoloxías da información e da comunicación ten unha serie de vantaxes como: aprender con todo o cerebro (multisensorial), atención á diversidade pois respecta ritmos de aprendizaxe e capacidades, aprendizaxe autónomo e traballo en equipo, autoavaliación e autocorrección, autoconfianza e autoestima ou transmisión de valores, ensinando a valorar a información positiva e rexeitar a negativa.

Dende principio de curso todo o alumnado estará matriculado no seu respectivo curso na plataforma EVA Edixgal. Para familiarizar ao alumnado co seu uso, todas as semanas colgarase material nestas plataformas (apuntamentos, vídeos, etc) que o alumnado deberá consultar e que xunto co material aportado na aula lles permitirá repasar os contidos. Asemade, algunhas das actividades que se realicen o alumnado deberá envalas tamén a través desta canle. Este emprego habitual da plataforma Virtual permitirá tamén detectar aquel alumnado que ten maior dificultade na súa utilización ou que poda ter problemas de conectividade o que permitirá anticiparnos á situación e poñer á súa disposición os recursos necesarios.

Cos alumnos/as con necesidades educativas especiais traballarase en coordinación co departamento de orientación e aplicarase a metodoloxía axeitada para que poidan acadar o maior número de obxectivos posibles, partindo do seu nivel de competencia curricular. Esta sería a metodoloxía axeitada no caso de ter alumnos/as con necesidades educativas especiais. No caso de elaborarse adaptacións curriculares individualizadas, eliminaríanse ou engadíranse obxectivos partindo da programación base e tendo en conta o ritmo de aprendizaxe dos alumnos/as. Adaptaranse os contidos ao seu nivel e ritmo de aprendizaxe para que poidan acadar os mínimos esixibles. Procurarase fomentar que os alumnos/as traballen cos mesmos materiais que o resto do alumnado pero respectando o seu ritmo e dándolles o tempo que requiran para rematar a actividade proposta.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Calquera material ou idea que facilite e mellore o proceso de aprendizaxe do alumnado pode considerarse como recurso. Os recursos materiais do centro para a materia de tecnoloxía e dixitalización son: taller con equipamento básico, unha aula de informática con 18 ordenadores, ordenadores personales do proxecto Edixgal. Todas as aulas disporán de canón videoproxector.

O profesor traballará con material fotocopiado, apuntes que se darán aos alumnos/as, presentacións en Power Point da unidade, textos axeitados a cada unidade, recursos dispoñibles en internet como páxinas web de libre acceso e apuntamentos e actividades que subirá á plataforma virtual. A biblioteca de aula e a biblioteca do centro que se dotará, dentro das posibilidades existentes, de libros específicos da materia.

Loxicamente o simple manexo destes recursos non será suficiente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, a labor da profesora será fundamental xa que introducirá ao alumnado nos novos coñecementos que se plantexan en cada unidade, complementará as explicacións do manual a través de lectura de textos adecuados en cada caso, elaborará esquemas, actuará como moderador nos debates que se organicen, planteará todo tipo de actividades e fará un seguimento delas, etc.

RECURSOS MATERIAIS

Taller: Ferramentas, máquinas-ferramenta, materiais, kits de montaxe (eléctricos, mecánicos, neumáticos), robots, refugallos, elementos de unión, motores, obxectos técnicos, compoñentes electrónicos, instrumentos de medida, etc.

Impresos: Para o desenvolvemento das clases empregárase material didáctico elaborado polo departamento que será entregado ao alumnado ou posto á súa disposición a través da plataforma Virtual do centro.

Disponse dunha biblioteca de aula no taller con libros de diferentes editoriais, revistas especializadas, manuais técnicos etc que estarán á disposición do alumnado para a súa consulta.

O alumnado disporá tamén dun caderno de taller e clase, así como dun portfolio onde gardará os traballos elaborados en soporte dixital na aula de informática.

Audiovisuais: vídeos, DVD, canón-proxector.

Informáticos: Empréganse recursos de INTERNET como correo, foro, news, webs, buscadores etc.

Software: programas CAD (LibreCad, freecad), simuladores circuitos neumáticos y eléctricos, paquete ofimático Libreoffice, software libre para programación, deseño, etc.

Vídeos.

Aula Virtual da materia na plataforma EVA Edixgal (documentación elaborada polo profesorado do departamento)

Hardware: equipos informáticos, impresora, placa base,...

É obrigatorio o uso da plataforma Edixgal se así o require a profesora da materia.

Os recursos renovaranse e tratarase sempre de innovar a fin de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. A colaboración docente, a formación permanente e a investigación son básicos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días do curso escolar en setembro realizarase unha proba específica sinxela para avaliar o grao de adquisición das competencias clave e obxectivos en cursos anteriores e que se consideran imprescindibles para construír as novas aprendizaxes propias da materia.

Esta proba non terá repercusión na cualificación. Ademais da avaliación inicial, mediante observación directa na clase, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumnado (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado). O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar ao alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Unha vez detectado o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, estableceranse as medidas apropiadas para dar resposta ás necesidades deste alumnado:

Atención individual tanto na aula como no taller.

Subministración de material de apoio na aula.

Ampliación de tempo na realización de probas.

Adaptación curricular individualizada significativa de ser o caso.

Adaptación curricular non significativa de ser o caso.

Hai que ter en conta que aparte deste alumnado, a diversidade na aula é moi ampla (diversidade de capacidades, intereses, motivacións..) e dende a área de Tecnoloxía tratarase de atender a esta diversidade a través da realización de:

Actividades variadas: comprensión, expresión verbal e gráfica, resolución de problemas, busca e selección da información, aplicación de técnicas e utilización adecuada de ferramentas.

Actividades de reforzo e ampliación, tendo en conta o ritmo de aprendizaxe de cada alumno e alumna.

Emprego de diferentes estratexias didácticas, diferentes instrumentos de avaliación, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11	11	12	100
Proba escrita	69	70	0	70	70	70	70	70	0	54
Táboa de indicadores	31	30	100	30	30	30	30	30	100	46

Criterios de cualificación:

Probas escritas: terán un peso dun 70% na cualificación final do trimestre. Previamente farase unha media aritmética das cualificacións das probas escritas e logo aplicarase esta porcentaxe.

Traballos/Proxectos de taller/Libreta: terán un peso dun 20% na cualificación final do trimestre.

A presentación dos traballos fora de prazo pode dar lugar lugar á cualificación de 0 ou a unha penalización que se comunicará ao alumnado no momento de propoñer os traballos de clase.

Os traballos deberán ser feitos polo alumnado de forma orixinal, en caso de que se inspiren ou collan ideas de fontes web ou bibliográficas, incluírán unha bibliografía e/ou webgrafía. Ante calquera sospeita de falta de orixinalidade dos traballos, consideraranse coma non

presentados e terán unha cualificación de cero.

Aqueles criterios de avaliación que se avalíen a través de traballos de taller, os propios traballos (proxectos) e as memorias correspondentes irán incluídas neste apartado. Se nalgún trimestre non se realizaran probas escritas e só se levaran a cabo proxectos de taller, este proxecto suporía un 70% da cualificación final. Se nalgún trimestre polas características das unidades didácticas, só se levara a cabo unha proba escrita (exame), a profesora pode decidir que a cualificación do proxecto sexa incluído dentro do 70% da cualificación final.

Aínda que os proxectos se poden facer de maneira individual ou en grupo, a cualificación do proxecto farase de maneira individual para cada membro do grupo atendendo a cada un dos criterios de avaliación avaliados. Se un alumno/a tivera un comportamento inadecuado no taller coa posibilidade de por en risco a algún compañeiro/a, dito alumno/a nas horas de taller permanecerá fora da zona de traballo e realizará exercicios relativos ao tema no que se estea a traballar na aula.

Aqueles criterios de avaliación de aprendizaxe correspondentes a contidos actitudinais (relacionados co traballo en equipo de forma responsable e respetuosa, respecto polas normas de seguridade e saúde, entrega dos traballos en tempo e forma) terán un peso na cualificación final do trimestre dun 10%.

A cualificación final da materia para cada avaliación parcial obterase facendo a media ponderada das

cualificacións obtidas en cada unha das partes anteriores aplicando as porcentaxes de ponderación arriba indicadas. A cualificación da avaliación final de xuño será a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais, sempre que as tres teñan unha nota igual ou superior a 5.

Á hora de establecer as cualificacións finais, aplicaranse as regras do redondeo para aquelas cualificacións decimais, de tal maneira que se a cifra decimal é 5 ou superior a 5, redondearase ao seguinte número enteiro superior e se é inferior a 5 quedará o mesmo número sen a cifra decimal.

Aqueles alumnos/as que non superen a materia en cada avaliación parcial, terán a opción de facer unha recuperación baseada nos contidos traballados nese trimestre.

Para a recuperación empregaranse os mesmos instrumentos utilizados na avaliación e empregaranse as mesmas porcentaxes de ponderación. A profesora pode decidir modificar os instrumentos de avaliación de maneira excepcional se fose necesario.

Aínda que a sesión da avaliación parcial do terceiro trimestre coincide coa sesión de avaliación final, o alumno/a terá unha cualificación para esa terceira avaliación (independiente da cualificación final), da que será informado/a a principios do mes de xuño, e que será considerada co mesmo peso que as outras dúas avaliacións parciais no cálculo da cualificación final de xuño.

Para o cálculo da cualificación da avaliación final de xuño aplicaranse as mesmas regras de redondeo que na

obtención das cualificacións das avaliacións parciais. Aquel alumnado que non supere a materia despois de facer a media das tres avaliacións parciais, no mes de xuño terán a posibilidade de facer una proba final de recuperación daquelas avaliacións non superadas. Este exame será unha proba escrita baseada naqueles contidos correspondentes ás avaliacións suspensas. A nota final será a media aritmética das cualificacións das avaliacións que tivese superadas durante o curso e as que realice no exame global de xuño, sempre cumprindo os mínimos antes establecidos.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN

Aqueles alumnos/as que non superen a materia, terán a opción de facer unha recuperación en cada avaliación. Para a recuperación empregaranse os mesmos instrumentos utilizados na avaliación e empregaranse as mesmas porcentaxes de ponderación. A profesora pode decidir modificar os instrumentos de avaliación de maneira excepcional se fose necesario.

A media das tres avaliacións farase coas notas reais do alumnado antes do redondeo.

Aplicaranse as mesmas regras de redondeo que nas cualificacións das avaliacións.

Na avaliación ordinaria de xuño o alumnado que non superou a materia terá unha proba escrita baseada naqueles contidos non superados correspondentes ás avaliacións suspensas. A nota final será a media aritmética das avaliacións que tivese superadas durante o curso e as que realice no exame ordinario.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña pendente algunha materia de cursos anteriores do departamento de Tecnoloxía seguirá o seguinte plan de traballo:

Convocarase no mes de outubro ao alumnado con materias pendentes para informarlles dos contidos que terán que preparar, as tarefas/exames que terán que realizar para poder aprobar a materia e dos criterios de avaliación e cualificación a aplicar.

Os contidos da materia dividiranse en dúas partes:

Realizarán boletíns de actividades que abordan os contidos da materia traballados durante o curso anterior. Os exercicios elaboraranse en base aos contidos e ás competencias clave do currículo do curso correspondente. A cualificación obtida nestes exercicios para cada parte suporá o 50% da cualificación final desa parte. Os boletíns deben ser entregados na data e forma establecida pola profesora.

Realizaranse dous exames parciais obrigatorios, un para cada unha das partes en que se dividiu a materia e estarán baseados tamén contidos e competencias clave. A nota desta proba (exame) suporá o 50% da cualificación final desa parte.

Os tutores/as de cada grupo serán informados para o seu coñecemento, e se o consideran oportuno, para que remitan aos pais/nais ou tutores legais dos alumnos/as e así estean informados. Considerarase recuperada a materia se a cualificación final obtida despois de facer a ponderación da nota de exames e boletíns en cada unha das partes, é igual ou superior a 5.

Para recuperar a materia é necesario sacar unha cualificación igual ou superior a 5 nas dúas partes. A cualificación

final obterase facendo unha media aritmética da cualificación obtida en cada unha das partes. Aqueles alumnos/as que non recuperen a materia terán a posibilidade de facelo nunha proba final que se celebrará no mes de maio. Aqueles alumnos/as que non superen unha das partes terán que realizar a proba só dos contidos relacionados coa parte non aprobada.

6. Medidas de atención á diversidade

O principio de atención á diversidade na materia de Tecnoloxía enténdese como un modo de ensinanza adaptativa. O carácter aberto e flexible que se plantexa fai viable o mencionado principio adaptándose ás características particulares e necesidades educativas do alumnado.

É neste contexto de aula onde adquire maior significado o principio de atención á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, pois é nese ámbito no que se concreta e materializa o proceso de ensinanza aprendizaxe e no que se detectan as diferenzas e dificultades dos nosos alumnos e alumnas para acadar os obxectivos propostos inicialmente as competencias clave.

Plantéxase planificar as actuacións en diferentes ámbitos:

a) Respecto aos contidos.

Concrétanse e límtanse aqueles contidos imprescindibles, así como aqueles que contribúen ao desenvolvemento de capacidades xerais: comprensión, expresión verbal e gráfica, resolución de problemas, busca e selección da información, aplicación de técnicas e utilización adecuada de ferramentas tomando as medidas oportunas de seguridade, traballo en grupo e comunicación aos demais. Esta selección de contidos ten en conta o posible grao de dificultade para, deste xeito, poder atender a prioridades, distribuindo o tempo de acordo con estas e fixando uns mínimos para todo o grupo, tendo en conta o ritmo de aprendizaxe de cada alumno e alumna.

b) Respecto ás estratexias didácticas.

Utilízanse distintas posibilidades que poden favorecer o tratamento da diversidade na aula-taller mediante unha serie de estratexias ligadas ao método e a organización interna dos grupos:

Plantéxanse actividades de aprendizaxe variadas que permitan diversos accesos aos contidos e con distintos grados de dificultade (por exemplo o uso do papel pautado ou en branco para os debuxos a man alzada).

Contémplanse materiais didácticos diversos para cada unha das fases do proceso tecnolóxico presentados de forma ordenada de maneira que cubran os pasos do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Propóñense distintas formas de agrupamento do alumnado adaptándose aos espazos da aula taller, de xeito que permitan o traballo individual máis ou menos dirixido, de pequeno ou gran grupo con certos niveis de liberdade e autonomía.

Cos alumnos/as con necesidades educativas especiais traballarase en coordinación co departamento de orientación e aplicarase a metodoloxía axeitada para que poidan acadar o maior número de obxectivos posibles.

A metodoloxía da materia facilita a aplicación da aprendizaxe cooperativa, mediante a cal se forman grupos heteroxéneos nos que cada membro aporta ao grupo os seus coñecementos e aprendizaxes partindo do seu nivel de competencia curricular. Esta sería a metodoloxía axeitada no caso de ter alumnos/as con necesidades educativas especiais. No caso de elaborarse adaptacións curriculares individualizadas, faranse partindo da programación base e tendo en conta o ritmo de aprendizaxe dos alumnos/as. Fomentarase que os alumnos/as traballen cos mesmos materiais que o resto dos alumnado pero respectando o seu ritmo e dándolles o tempo que requiran para rematar as actividades propostas. En caso de que sexa necesario, elaboraranse actividades específicas para este alumnado, respondendo ás súas capacidades e tendo en conta a súa adaptación curricular. Tentaranse adaptar os contidos ao seu nivel e ritmo de aprendizaxe para que poidan acadar os obxectivos e competencias establecidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental	X		X	X	X		X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X		X				X	
ET.4 - Educación para o respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Educación para a saúde	X
ET.2 - Educación ambiental	X
ET.3 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X
ET.4 - Educación para o respecto mutuo e cooperación entre iguais	X
ET.5 - Educación para a igualdade de xénero	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional	X

Observacións:

Prestarase especial atención a concienciar ao alumnado da importancia de seguir as normas de seguridade e hixiene no traballo. Traballarase para fomentar a busca de solucións que eviten ou minimicen o impacto ambiental; valoralo posible esgotamento de recursos e analízalos inconvenientes que se deriven do uso de cada un dos materiais, e a repercusión que poida ter nas persoas, animais e plantas, así coma na vida en sociedade. Valorarase o custo na realización dos proxectos tecnolóxicos e comparalo co seu uso. Fomentarase o traballo cooperativo; incidirase no respecto ás ideas doutros; tratarase de apoiarlos menos capacitados no desenvolvemento dos proxectos tecnolóxicos; desenvolverase unha actitude aberta e flexible ante as ideas e os traballos dos demais. Fomentarase o reparto de tarefas nun plano absoluto de igualdade en función das capacidades, sen distinción de sexo; valorarase o esforzo, as ideas e o traballo dos demais dende unha perspectiva de igualdade de oportunidades de ámbolos dous sexos. Fomentarase a formación de grupos mixtos nas tarefas grupais e se prestará especial atención ao reparto igualitario de tarefas. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Analizaranse e valoraranse as implicacións que supón o desenvolvemento de determinados aspectos científicos e técnicos dende unha perspectiva moral e ética; valorarase e analizarase dende a perspectiva ética e moral as consecuencias derivadas do desenvolvemento tecnolóxico en dimensión social e persoal de cada un. Á súa vez promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Tratarase en todo momento a prevención da violencia de xénero, e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
visita á planta de sargadelos en SADA	O responsable da actividade explicará ao noso alumnado o proceso de produción da planta (deseño, moldeado, coción e decoración das pezas) e poderán visitar in situ a planta coñecendo desta maneira todo o proceso			

Observacións:

A actividade realizarase xunto co departamento de EPeV.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
Consegiuse motivar ao alumnado para a súa aprendizaxe?
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?
Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?
Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
Faise unha avaliación inicial de coñecementos previos ao inicio de cada unidade didáctica?
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?
Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para o alumnado con NEAE?
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
Intercálase o traballo individual e en grupo?
Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?

Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?

No traballo na aula e no taller foméntase a igualdade entre os alumnos e as alumnas?

As actividades plantexadas e a metodoloxía empregada faise sempre dende unha perspectiva de xénero?

Descrición:

Os indicadores de logro avaliaranse cunha escala de 1 a 4 sendo 4 a máxima puntuación e 1 a mínima.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O alumnado será informado a principio de curso dos aspectos mais importantes da programación, facendo especial fincapé nos contidos a traballar, os criterios de avaliación e cualificación así como os procedementos e instrumentos de avaliación que se empregarán. Ademais, a programación íntegra poderá consultarse a través da páxina web do centro como da copia que se deposita no centro.

Realizarase a avaliación da programación nos seguintes períodos de tempo:

Mensualmente: Revisarase a temporización da programación así como a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, adaptando esta á diversidade do alumnado.

Ao final de cada trimestre: Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias.

Revisarase a programación e anotarase as modificacións nas actas do Departamento.

Ao final do curso: Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias.

Revisarase a programación e anotarase as modificacións na memoria final do Departamento e se terán en conta para a programación do curso seguinte.

Se teán en conta os seguintes indicadores de logro:

- 1.- ¿Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- ¿Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- 3.- ¿O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
- 4.- ¿Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- ¿Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- ¿Secuenciáronse os contidos de cada unha das unidades/temas?
- 7.- ¿Asígnouse a cada criterio de avaliación e a cada unidade didáctica o peso correspondente na cualificación?
- 8.- ¿Vinculouse cada criterio de avaliación a un instrumento para a súa avaliación?
- 9.- ¿Asociouse a cada unidade didáctica os temas transversais a desenvolver?
- 10.- ¿Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 11.- ¿Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- 12.- ¿Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- 13.- ¿O material didáctico é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 14.- ¿Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 15.- ¿Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir das competencias adquiridas en cursos anteriores?
- 16.- ¿Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 17.- ¿Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?
- 18.- ¿Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 19.- ¿Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
- 20.- ¿Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
- 21.- ¿Definíronse programas de apoio, recuperación, etc?
- 22.- ¿Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?
- 23.- ¿Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
- 24.- ¿Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, e instrumentos de avaliación?

- 25.- ¿Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso
- 26.- ¿Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
- 27.- ¿Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

9. Outros apartados